

XORNADA

Arredor de Alfredo García Alén. A vida, a obra, o museo

Xoves 30 de maio de 2024

De 11:00 a 14:00 h e de 16:30 a 20:00 h

Salón de actos do Edificio Castelao

Organiza: Museo de Pontevedra

Liñas: Museos e museoloxía / Historia do museo e das súas coleccións / Arqueoloxía / Etnografía

A vida e obra de Alfredo García Alén (Pontevedra, 1923 - 1981) están intimamente ligadas ao Museo de Pontevedra, onde accedeu como alumno colaborador e onde ocuparía, anos máis tarde, as prazas de secretario e director adxunto, traballos que compaxinou coa docencia no Instituto de Pontevedra. No Museo desenvolveu, ademais, un inxente labor como investigador nos ámbitos da arqueoloxía e da etnografía, ámbitos que se revisarán neste seminario que ten como obxectivo reivindicar, no centenario do seu nacemento, o traballo de quen foi un dos grandes defensores do patrimonio cultural galego. Home de vasto coñecemento e apaixonado pola cultura galega e o mundo rural, Alfredo García Alén estudou a prehistoria, as tradicións e o folclore galegos, nomeadamente as crenzas mariñeiras a cerámica popular. Inspirou a creación do Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén", fundado dentro do Servizo de Arqueoloxía do Museo de Pontevedra tras o seu prematuro falecemento e integrado polo equipo heteroxéneo de investigadores profesionais e afeccionados que acompañaran ao arqueólogo nas excavacións, tamén subacuáticas, na catalogación e nas datacións de boa parte do patrimonio arqueolóxico da provincia nun momento álxido da disciplina e previo á súa institucionalización nos anos oitenta. Foi, ademais, membro de institucións como a Real Academia Galega, tamén da de Belas Artes e da de Historia, do Instituto Padre Sarmiento e do Museo do Pobo Galego. Mestre e licenciado en Dereito e Filosofía e Letras, e doutor cunha tese sobre cerámica popular galega.

PROGRAMA

11:00 - 11:15 Presentación da xornada e dos participantes

Ángeles Tilve Jar, *directora do Museo de Pontevedra*

11:15 - 12:00 h - *Alfredo García Alén. Vida e obra. Unha nova lectura*

Xosé Carlos Valle Pérez, *exdirector do Museo de Pontevedra e presidente de honra da CECEL, CSIC*

Alfredo García Alén (Pontevedra, 1923-1981) foi coñecido, sobre todo, polo seu labor no Museo de Pontevedra, no que se formou e do que foi secretario e director adxunto. Sendo esencial esa vinculación na súa traxectoria vital, só foi, non obstante, unha parte do seu denso quefacer laboral e intelectual. Nesta intervención ofrécese unha renovada visión do seu traballo, do seu brillante currículo profesional (foi xestor, docente, investigador e escritor), ponderando tanto os seus múltiples saberes e competencias (formouse coa xeración que fundou, xustamente no ano do seu nacemento, o Seminario de Estudos Galegos, caracterizada, en particular, por ter sabido mesturar con singular maestría, canto ao soar patrio se refire, o xeral co particular, o autóctono co foráneo), como o que, de novidoso, tiveron no seu tempo algunhas das moitas iniciativas nas que colaborou ou que el mesmo, en ocasións, iniciou.

NOTA BIOGRÁFICA: Xosé Carlos Valle Pérez (Pontevedra, 1953) é licenciado (1975) e doutor (1981) en Historia da Arte, en ambos os dous casos coa cualificación de Premio Extraordinario, pola Universidade de Santiago de Compostela. Secretario-director adxunto (1981-1986) e director (1986-2018) do Museo de Pontevedra. Vicepresidente (1989-1993) e presidente (1993-2001) da Confederación Española de Centros de Estudios Locales (entidade adscrita ao CSIC). Membro de número da Real Academia Galega de Belas Artes e correspondente das Reais Academias Españolas da Historia e de Belas Artes de San Fernando, de Santa Isabel de Hungría (Sevilla) e de Belas Artes de Portugal. Membro de diversos organismos científicos galegos, españois e internacionais. Presidente da Sociedade Coral Polifónica de Pontevedra. Secretario do Premio de Xornalismo Francisco Fernández del Riego, promovido por Afundación. Comisario ou cocomisario de numerosas exposicións (entre elas a programada en 2006 polo Museo de Pontevedra, co patrocinio da Sociedad Estatal de Conmemoraciones Culturales, para conmemorar o centenario do nacemento de Xosé Filgueira Valverde). Autor de máis de dous centos de publicacións, está en posesión de diversas distincións e condecoracións.

12:00 - 12:30 h - Descanso

12:30 - 13:00 h - *Alfredo García Alén: biografía e influencia*

Mateo Fontán Couto, *arqueólogo*

Foi Alfredo García Alén un destacado erudito cuxos campos principais de atención foron a historia, a arqueoloxía e a etnografía. Exerceu como mestre en Pontevedra e foi peza fundamental e vertebradora do Museo de Pontevedra, no que entrou como alumno

colaborador e chegou a ser director adxunto. A súa influencia en futuros investigadores foi notoria e a súa bonhomía procuroulle unha agarimosa lembranza en quen o tratou. Cando xa se cumpriu, en 2023, o centenario do seu nacemento pretendemos con esta intervención achegar algúns apuntamentos biográficos sobre Alfredo García Alén así como testemuñar impresións e influxo noutros destacados autores.

NOTA BIOGRÁFICA: Mateo Fontán Couto é licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela, nas orientacións de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antiga. Posgrado en «Historía, Teoría y Método de las Humanidades y las Ciencias Sociales» (USC). Título de Perito Xudicial en Arqueoloxía (Euronova Scholl Bussines). Durante o ano 2013-2014 obtivo unha bolsa da Deputación de Pontevedra para traballar como arqueólogo. Foi membro do Equipo Técnico Arqueolóxico vinculado ao proxecto «Posta en valor dos xacementos galaico-romanos da Provincia de Pontevedra» financiado pola Deputación de Pontevedra e o Ministerio de Fomento, nese tempo traballa no Centro de Xestión do Coñecemento Arqueolóxico. Así mesmo, colaborou en proxectos coa Universidade de Vigo e foi promotor arqueolóxico do Proxecto Cristóbal Colón Galego 2022. Algunhas das escavacións nas que tomou parte foron en xacementos tales como Monte do Castro (Ribadumia), Santa Trega (A Guarda), Castro Alobre (Vilagarcía de Arousa), A Lanzada (Noalla), A Cerca / Muro de Bubal (Oímbra / Monterrei), Campamento romano de Ciadella, etc. Tamén participou de varias intervencións urbanas. É autor de diversos artigos de divulgación histórica e guionista de documentais. Así mesmo, é membro e directivo (vicepresidente) da Asociación de Amigas e Amigos do Museo de Pontevedra.

13:00 - 13:45 h - Alfredo García Alén: unha vida para o Museo, un home para servir a Galicia

Xosé Fuentes Alende, *investigador e exsecretario do Museo de Pontevedra*

Fillo de dous mestres, Alfredo García e María Alén, que exercían nos edificios Castro Monteagudo e García Flórez, estivo ligado á entidade desde os catorce anos, en que entrou como alumno colaborador, para ser logo auxiliar de secretaría, secretario e director adxunto. Foi quen de compaxinar o seu labor no Museo cos estudos universitarios, obtendo as licenciaturas en Dereito e en Filosofía e Letras, e logo coa docencia. Para Filgueira foi a súa man dereita, non só no Museo, senón tamén nos diversos cargos que este desempeñou e na preparación de publicacións de carácter arqueolóxico, así como na elaboración da “Bibliografía de Galicia”, publicada nos *Cuadernos de Estudios Gallegos* do Seminario. Posuía un don de xentes que lle permitía estar tanto á altura que lle requirían os cargos que ocupaba como á dos labregos e mariñeiros, cos que parolaba e aos que lle sabía sacar información sobre xacementos e lendas. Ademais da arqueoloxía, a súa paixón era a cerámica popular, e percorreu os distintos alfares galegos, estudando as súas técnicas e recollendo as pezas de cada un, en compañía do seu irmán Luciano, reunindo unha importante colección que foi depositada no Museo.

NOTA BIOGRÁFICA: Xosé Fuentes Alende ingresou no Museo en 1969 como bolseiro, pasando logo a subalterno, administrativo e secretario mediante oposición en 1991. Representou ao Museo en numerosas ocasións nas reunións das institucións ás que pertencía, especialmente nas do Consello Galego de Museos e do Museo do Pobo Galego.

Foi membro da Comisión de Antropoloxía do Consello da Cultura Galega e participou en congresos e simposios sobre temas de museoloxía e de antropoloxía cultural, en especial de relixiosidade popular. En 1987 encargoulle o Museo a selección de exvotos mariñeiros en Galicia para incluír na mostra que con outros bretóns se exhibiu en Brest e Pontevedra, tema este dos exvotos no que continuou investigando, conseguindo en 2017 o Premio "Olimpio Arca" convocado polo Concello de Cuntis cun resumo axeitado ás bases, e ten preparado para a súa publicación un extenso libro. Fixo a transcripción do orixinal de José Casal custodiado no Museo sobre xogos populares en Pontevedra, publicado coa súa introdución e notas polo Consello da Cultura Galega. Afeccionado á escritura, logrou o primeiro premio no concurso de contos infantís O Facho, un accésit no da IV Romaría Etnográfica Raigame e publicou o libriño *Xanciño de Zoxín, o can Canito e o coello Coli*.

14:00 - 16:30 h - Xantar

16:30 - 17:15 h - *Alfredo García Alén, breves apuntamentos etnográficos e museolóxicos*

Xosé Carlos Sierra, *conservador de Museos e exdirector do Museo Etnolóxico de Ribadavia*

Trata esta intervención de suliñar a dimensión de Alfredo García Alén como etnógrafo, reflectida tanto nas súas escasas publicacións neste campo como na súa acción como estimulador e promotor dunha colleita etnográfica e folclórica de campo. O seu maxisterio práctico e diario no Museo e nas aulas dá conta deste compromiso e o seu traballo no Museo de catalogación do patrimonio cultural (arqueolóxico e artístico) mostra a súa preocupación e o seu interese por acopiar datos e información sobre a cultura popular. Documentos inéditos no Museo reflicten este interese pola tradición reflectida no folclore e no universo festivo. Ademais Alfredo García Alén conformou, xuntamente con Filgueira Valverde unha verdadeira escola de museoloxía no Museo de Pontevedra, escola que seguiu activa da man dos equipos directivos e técnicos que os sucederon nos últimos corenta anos.

NOTA BIOGRÁFICA: Natural de Pontevedra, onde foi alumno colaborador e bolseiro do seu Museo Provincial. Estudou Historia nas Universidades de Santiago de Compostela e Valladolid (onde se graduou no Departamento de Arqueoloxía, Prehistoria e Historia Antigua da capital meseteña). En Santiago estivo vinculado aos profesores Alonso del Real e Balil Illana, influíndo decisivamente o primeiro na súa formación antropolóxica. Na Universidade Complutense de Madrid realizou estudos de antropoloxía no Depto. de Historia de América, cos Profs. Del Pino, Palerm Viqueira e Alcina Franch. Foi Premio de Investigación da Deputación Provincial de Pontevedra en 1981. Profesor axudante (PNN) de Prehistoria e Antropoloxía no Colexio Universitario de Ourense e na Facultade de Xeografía e Historia da Universidade de Santiago (1975-1984). En 1985 accede en Madrid mediante concurso-oposición, ao corpo facultativo de conservadores de museos do Estado. Dirixiu o Museo das Peregrinacións de Santiago de Compostela e, dende 1993, o Museo Etnolóxico, con sede en Ribadavia-Ourense, único centro estatal desta especialidade en Galicia (hoxe transferido en xestión á Xunta de Galicia). Membro dos Padroados do Museo do Pobo Galego, do seu Instituto das Identidades (IEI) e da Fundación Vicente Risco. Membro do Grupo Marcelo Macías de colaboradores do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense. Membro do Movemento Internacional para a Nova Museología (MINOM-ICOM). Membro da Asociación Galega de Antropoloxía (AGANTRO). A súa produción bibliográfica

e investigadora cubre os campos da arqueoloxía protohistórica e, desde 1990, os campos da museoloxía antropolóxica, a etnografía e os relativos á activación social e a xestión institucional do patrimonio cultural. Durante estes anos impartiu cursos e conferencias sobre patrimonialización e museoloxía etnográfica e sobre xestión do patrimonio cultural en diferentes Centros, Museos e Universidades de Andalucía, Alacant, Castilla-León, Cantabria, Catalunya, Euskadi, Extremadura, Madrid, Portugal e México.

17:15 - 18:00 h - D. Alfredo, mestre e amigo: uns cantos recordos e algo de Arqueoloxía

Antonio de la Peña, *arqueólogo e exconservador de Fondos Arqueolóxicos do Museo de Pontevedra*

Todo comezou en 1972, na asignatura de Historia da Arte do primeiro COU no Instituto Sánchez Cantón. D. Alfredo impartía unha metodoloxía didáctica absolutamente innovadora baseada na documentación, a investigación, e a exposición pública e por escrito sempre sometidas á crítica. Despois, primeiro como alumno-colaborador e logo como bolseiro, durante nove curtos anos puideron apreciar a súa forma de levar o día a día do Museo (no medio das notables privacións materiais propias da época) e a súa máis que considerable erudición; puideron comprobar o seu compromiso coa documentación, conservación e difusión do Patrimonio Cultural que lle facía acudir de inmediato a calquera lugar onde se producise un achado ou una ameaza e, sobre todo, puideron participar desa calidade humana coa que trataba a todo o mundo por igual e que se deixaba notar tamén na súa forma de dirixir os traballos de campo, un modo de actuar que resultou clave para dotar ao Museo dunha tupida rede de colaboradores, sempre atentos á documentación e protección patrimoniais, da que se alimentou boa parte dun dos legados máis relevantes de D. Alfredo: o gran ficheiro da Catalogación Arqueolóxica e Artística da Provincia.

NOTA BIOGRÁFICA: Antonio de la Peña Santos é licenciado en Xeografía e Historia, especialidade de Prehistoria e Arqueoloxía. A súa investigación dirixese con preferencia cara á Idade do Bronce, a arte rupestre, o fenómeno castrexo e as orixes da cidade de Pontevedra. Participou en máis dun cento de congresos e reunións científicas, e dirixiu numerosas campañas de escavacións arqueolóxicas, entre as que destacan as dos xacementos de Lavapés, Torroso, Santa Tegra e Ponte do Burgo. Localizou, catalogou e levantou calcos de máis de medio milleiro de complexos da arte rupestre galaica. Membro de institucións culturais e do consello de redacción de publicacións periódicas de tema arqueolóxico e histórico. Académico correspondente da Reial Acadèmia Catalana de Belles Arts. Premios Turoqua e Cidade de Pontevedra. Pronunciou máis de catrocentas conferencias e publicou vinte e cinco libros e máis de douscentos oitenta artigos de tema arqueolóxico. En 1972 entrou como alumno-colaborador no Museo de Pontevedra da man de D. Alfredo García Alén; pasou a bolseiro da Catalogación Arqueolóxica e Artística de Galicia en 1976 e a Conservador dos Fondos Arqueolóxicos en 1981, cargo que desempeñou ata a súa xubilación o 1 de xaneiro de 2022.

18:00 - 18:15 h - Descanso

18:15 - 19:00 h - O Grupo de Arqueoloxía "Alfredo García Alén", orixe e historia

Ramón Patiño Gómez, *arqueólogo e historiador, membro do Instituto de Estudos Vigüeses*

Esta intervención lembra como e por que se creou o Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén”, e por que se lle puxo ese nome. Tamén revisa os traballos de arqueoloxía nos que participaron un gran número dos seus membros; tanto nas escavacións arqueolóxicas avaladas polo Museo de Pontevedra e dirixidas polo seu encargado de arqueoloxía, así como nas catalogacións de xacementos, axudando aos seus encargados e actuando como corresponsais, para a protección do patrimonio, en diferentes zonas da provincia de Pontevedra. Reivindicábase o labor do Grupo de Arqueoloxía na organización das primeiras intervencións de arqueoloxía submarina, para o que houbo que adquirir material específico e integrarse na Federación Galega de Actividades Subacuáticas (FEGAS), co fin de obter unha licenza que incluía o seguro de accidentes. Os membros do Grupo contribuíron na organización de eventos deportivos federativos como a Orientación Submarina, os Encontros Galaico Portugueses de Mergulladores, os de fotografía submarina, as filmacións submarinas e a natación con aletas. En resumo, o Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén” naceu por e para facer arqueoloxía e foi cambiando, en colaboracións coa FEGAS, e a través da creación de seccións, noutro tipo de actividades subacuáticas novidosas en Galicia.

NOTA BIOGRÁFICA: Ramón Patiño Gómez é arqueólogo e historiador, con direccións e subdireccións de escavacións no mundo megalítico e castrexo. Encargado da catalogación de xacementos megalíticos na provincia polo Museo de Pontevedra, foi becado pola Fundación Barrié de la Maza. Membro do equipo técnico en numerosas escavacións en xacementos prehistóricos, integrou o equipo Galicia do V Centenario do Descubrimento de América, así como un dos fundadores e presidente do Grupo de Arqueoloxía “Alfredo García Alén”, onde foi director da Sección de Actividades Subacuáticas. Membro do Instituto Galaico Minhoto, foi tamén directivo da Federación Galega de Actividades Subacuáticas (FEGAS) durante dezoito anos, delegado de Orientación Submarina e organizador de varios campionatos nacionais no embalse de Castrelo de Miño. Exerceu como secretario da Escola Galega de Actividades Subacuáticas, como corresponsal en Pontevedra da *Revista de Arqueología*, como director das revistas *Pontevedra Arqueológica* e *Traballos de Arqueoloxía*. Organizou varios Encontros Galaico Portugueses de Mergulladores no Grove e Vigo, e publicou traballos sobre o xacemento de Santa Trega, sobre catalogación de xacementos submarinos galegos, Rande, naufraxios na costa galega, sobre áncoras líticas e corsarios, ademais de numerosos artigos en diferentes boletíns e libros. É colaborador do Museo do Mar de Galicia, membro do Instituto de Estudos Vigüeses e Vigués Distinguido dende 2017.

19:15 - 20:00 h - Mesa redonda

Modera: Ana Barbazán, *exbibliotecaria do Museo de Pontevedra*

NOTA BIOGRÁFICA: Ana Barbazán Iglesias realizou os seus estudos universitarios na Universidade de Santiago de Compostela, especializándose en Historia e máis tarde en Arquivística e Biblioteconomía. Posteriormente realiza cursos de doutoramento na UNED. Tras unha breve actividade profesional no ensino, en 1979, ao concedérselle a bolsa “Sánchez Cantón”, inicia a súa colaboración co Museo de Pontevedra. En 1985 pasa a formar parte do persoal do Museo onde desenvolve a súa actividade como bibliotecaria

ata a súa xubilación en 2017. En 1981, forma parte do grupo arqueolóxico García Alén, co que participa en escavacións. Nos anos sucesivos ademais do desenvolvemento da súa experiencia profesional, asiste e imparte cursos de formación, (para a Consellería de Cultura, Museo de Pontevedra, Universidade de Vigo...) Participou e colaborou como relatora en cursos e congresos, nomeadamente sobre a biblioteca do Museo de Pontevedra, o padre Martín Sarmiento, a Virxe Peregrina, Goya, os materiais efémeros nas bibliotecas especializadas...). Participou tamén en exposicións organizadas polo Museo de Pontevedra e outras entidades e colaborou en diversas publicacións colectivas. Ten redactado biografías para o *Diccionario Biográfico Español*, *Las Edades del Hombre*, e artigos sobre diversos temas nas publicacións e na Web do Museo de Pontevedra.

Acceso libre.

Entregaráselles un certificado de asistencia ás persoas que se inscriban previamente en reservas.museo@depo.gal